



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Marzo 2017**

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Marzo 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un aumento do 12,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,8 puntos superior ao do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 9,7%, 4,5 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 15,2% e os Outros servizos o 5,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,7% e en España un 2,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de marzo. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade co menor incremento do emprego.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un crecemento do 12,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,8 puntos máis que no mes de febreiro. O índice para España amosa un aumento do 9,7% respecto ao mes de marzo de 2016, 4,5 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 15,2% e achega 11,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,0% e achegan 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 11,0%, 4,2 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 7,3%, superando o crecemento galego en 2,3 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 19,7% e achega 10,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 1,5% e resta 0,1 puntos á taxa de variación interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 4,9 puntos, cun crecemento do 12,9%; a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra un incremento do 14,8% e achega 1,2 puntos.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 5,0%; o sector que máis contribúe a este incremento é o *Transporte*, 0,4 puntos, cun crecemento do 4,7%, seguido de *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,7%) e *Actividades profesionais, científicas e*

*técnicas* (8,6%), que achegan 0,3 puntos cada unha. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe a facturación o 0,9%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 7,3%. Os sectores que máis repercuten neste crecemento son *Transporte* (0,9 puntos), cun crecemento do 8,9%, e *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, 0,8 puntos, cunha taxa de 12,2%.

Nestes tres primeiros meses do ano, o índice de cifra de negocios crece un 10,7% en Galicia e un 7,7% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 17,5% e 10,7% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 4,3%. En España, este sector aumenta a súa facturación un 10,7%.

## **1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB**


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 8,8% no mes de marzo. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 14,2% e achega 6,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; o *Transporte* crece un 8,6% e achega 1,4 puntos. En senso contrario, as *Hostalería* diminúe un 1,1%.

## **1.3 Datos corrixidos de calendario**

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 8,8%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de marzo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Galicia (12,9%), Castilla - La Mancha (12,8%) e Navarra (12,2%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León e Extremadura (ambas as dúas 5,3%).

No que vai de ano, Galicia (10,7%), Madrid (10,4%), Navarra (10,2%) e Castilla - La Mancha (10,0%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (4,4%) e Asturias (4,6%) amosan os menores crecementos.

## Índices de cifra de negocios. Marzo 2017


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,7% respecto ao mes de marzo de 2016, 0,7 puntos menos que en España (2,4%).



O persoal ocupado aumenta un 1,8% no *Comercio* e un 1,5% nos *Outros servizos*. No *Comercio*, o *Comercio por xunto* achega cinco décimas á taxa de variación do índice xeral cun incremento do 3,4% e *Comercio polo miúdo* achega catro décimas, cun incremento do 1,4%. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,3%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 3,1% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* co que achegan catro décimas á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen un 0,1% o persoal ocupado.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,9%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 1,7% e en España o 2,4%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maior incremento, tanto en Galicia como en España, con taxas superiores ao 3,0%.

## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de marzo. O maior incremento dáse en Murcia (5,0%). Andalucía (0,9%) e Asturias (1,3%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

## Índices de persoal ocupado. Marzo 2017

### Taxas de variación en %



No primeiro trimestre do ano, o maior crecemento dáse en Murcia (5,0%) mentres que en Andalucía (1,4%) e Castilla y León e Asturias (ambas as dúas 1,5%) rexístranse os menores incrementos.

### Notas metodolóxicas

**Cifra de negocios:** comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

**Persoal ocupado:** É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

**Valor engadido bruto:** Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.



Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>123,1</b>	<b>12,9</b>	<b>10,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>129,9</b>	<b>15,2</b>	<b>12,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	100,4	-1,5	-4,3
Comercio por xunto	152,9	19,7	17,5
Comercio ao retalho	95,4	7,0	5,6
<b>Outros servizos</b>	<b>101,2</b>	<b>5,0</b>	<b>4,0</b>
Transporte	113,7	4,7	2,9
Hostalería	85,4	-0,9	0,3
Información e comunicacións	87,7	5,0	5,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	92,0	8,6	7,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	131,4	9,7	6,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>109,5</b>	<b>9,7</b>	<b>7,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>111,4</b>	<b>11,0</b>	<b>8,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	125,9	14,8	10,7
Comercio por xunto	118,1	12,9	10,7
Comercio ao retalho	94,9	5,7	3,8
<b>Outros servizos</b>	<b>106,0</b>	<b>7,3</b>	<b>6,1</b>
Transporte	117,7	8,9	6,6
Hostalería	100,6	1,8	2,9
Información e comunicacións	100,1	4,7	4,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,5	12,2	9,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,7	7,5	6,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	110,9	8,8	7,6
Comercio	122,3	14,2	11,9
Transporte	131,7	8,6	6,7
Hostalería	85,8	-1,1	0,3
Información e comunicacións	85,6	5,4	6,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,6	8,1	7,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,4	9,7	7,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Marzo 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
<b>ESPAÑA</b>	<b>109,5</b>	<b>9,7</b>	<b>7,7</b>
Andalucía	107,9	8,0	6,9
Aragón	104,0	9,9	6,7
Asturias	97,0	7,8	4,6
Baleares, Illes	103,0	9,6	9,9
Canarias	114,2	5,5	5,2
Cantabria	99,8	8,7	5,9
Castilla y León	104,3	5,3	4,4
Castilla-La Mancha	106,8	12,8	10,0
Cataluña	111,9	9,6	6,2
Comunitat Valenciana	114,2	9,7	6,6
Extremadura	95,0	5,3	5,3
<b>GALICIA</b>	<b>123,1</b>	<b>12,9</b>	<b>10,7</b>
Madrid	107,9	11,7	10,4
Murcia	116,1	7,1	5,5
Navarra	105,9	12,2	10,2
País Vasco	105,9	8,2	5,5
Rioja, La	118,8	9,2	7,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>97,4</b>	<b>1,7</b>	<b>1,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>94,6</b>	<b>1,8</b>	<b>1,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	83,8	-0,3	-0,3
Comercio por xunto	91,9	3,4	3,3
Comercio ao retalho	98,5	1,4	1,4
<b>Outros servizos</b>	<b>99,7</b>	<b>1,5</b>	<b>1,7</b>
Transporte	98,0	1,7	1,4
Hostalería	93,9	1,1	1,7
Información e comunicacións	88,5	1,9	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,1	-0,1	-0,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,6	3,1	3,8
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>100,8</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>99,6</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	92,3	2,3	2,2
Comercio por xunto	103,7	3,1	2,7
Comercio ao retalho	98,3	1,7	1,8
<b>Outros servizos</b>	<b>101,6</b>	<b>2,5</b>	<b>2,5</b>
Transporte	99,1	2,6	2,5
Hostalería	100,4	1,5	2,0
Información e comunicacións	98,8	1,9	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,8	2,1	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,6	3,9	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Marzo 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>100,8</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>
Andalucía	99,0	0,9	1,4
Aragón	98,8	2,6	2,2
Asturias	93,5	1,6	1,5
Baleares, Illes	98,2	4,0	3,9
Canarias	104,9	3,6	3,7
Cantabria	99,6	2,5	3,2
Castilla y León	96,6	1,3	1,5
Castilla-La Mancha	99,2	1,9	1,6
Cataluña	104,9	3,2	2,8
Comunitat Valenciana	101,4	2,6	2,6
Extremadura	101,1	3,7	3,5
<b>GALICIA</b>	<b>97,4</b>	<b>1,7</b>	<b>1,7</b>
Madrid	98,5	2,0	2,0
Murcia	108,7	5,0	5,0
Navarra	104,6	3,2	3,4
País Vasco	102,8	2,1	2,0
Rioja, La	105,7	2,1	2,8

Fonte: INE